



CERTIFICADO

EXPEDIENTE NÚM.	ÓRGANO COLEXIADO	DATA DA SESIÓN
1124/2026	A Xunta de Goberno Local	01/06/2026

En calidade de secretario deste órgano, CERTIFICO:

Que na sesión realizada na data arriba indicada adoptouse o seguinte acordo:

EXPEDIENTE 1124/2026. PROPOSTA DE APROBACIÓN DAS BASES E CONVOCATORIA PARA ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2026

Favorable

Tipo de votación: Unanimidade/Asentimento

RESOLUCIÓN

Dáse conta da proposta da Concellería de Cultura, asinada o día 28-05-2026, co seguinte teor literal:

“ASUNTO: Proposta de aprobación das Bases e convocatoria para asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2026.

EXPTE.: 1124/2026

ANTECEDENTES

O Concello do Grove, consciente da importancia de fomentar a cultura e coñecedor das carencias ás que se enfronta, establece as bases reguladoras de concesión de subvencións públicas en réxime de libre concorrência para fomentar as actividades que, no eido da cultura e nas súas diversas formas, promovan asociacións culturais sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese cultural para o Concello do Grove e dirixidas á poboación en xeral.

Vista a proposta de *Bases e convocatoria para a concesión de subvencións a Asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2026* asinadas pola concelleira de Cultura en data 26.05.2026 que consta no expediente e que se xuntan no Anexo.

Visto o informe favorable da Intervención municipal núm. 2026-0303, de data 28.05.2026, ao respecto.

Considerando a **lexislación básica aplicable:**





- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo Rd 887 /2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- O Real Decreto 130/2019, de 8 de marzo, polo que se regula a Base de Datos Nacional de Subvencións e a publicidade das subvencións e demais axudas públicas.

PROPOÑO á Xunta de Goberno Local:

Primeiro.- Aprobado as Bases e convocatoria para a concesión de subvencións a Asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2026 por un importe de 30.000 €.

Segundo.- Publicar o anuncio da convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e un extracto da mesma no *Boletín Oficial da Provincia* de Pontevedra.

Terceiro.- Publicar o texto completo das Bases Reguladoras no taboleiro de anuncios, na sede electrónica do Concello e polos medios habituais.”

Logo de someter a citada proposta á consideración da Xunta de Goberno Local, esta, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda aprobala nos mesmos termos en que figura redactada e adoptar os acordos que nela se expresan.

ANEXO

E para que conste, para os efectos oportunos no expediente da súa razón, expídese esta certificación, de orde e co visto e praxe do Sr. alcalde, coa excepción previsto no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais aprobado por Real decreto 2568 /1986, do 28 de novembro.

DOCUMENTO ASINADO ELECTRONICAMENTE

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNNW3K6E5YWTZK6CQ6ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 2 a 20





Concello do Grove

PROPOSTA

BASES E CONVOCATORIA PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ASOCIACIÓNS E ENTIDADES SEN ÁNIMO DE LUCRO QUE DESENVOLVAN ACTIVIDADES CULTURAIS NO ANO 2026

O Concello do Grove establece as bases reguladoras de concesión de axudas e subvencións públicas destinadas a promover e fomentar actividades culturais, segundo os principios de obxectividade, concorrência competitiva, publicidade e transparencia.

1. Obxecto da convocatoria

A presente convocatoria ten por obxecto regular o procedemento da concesión de subvencións en réxime de libre concorrência para fomentar as actividades que, no eido da cultura e nas súas diversas formas, promovan asociacións culturais sen ánimo de lucro, que poidan ser consideradas de interese cultural para o Concello do Grove e dirixidas á poboación en xeral.

En ningún caso o Concello do Grove será responsable das obrigas contraídas polos beneficiarios como consecuencia da realización das súas actividades.

2. Beneficiarios

Poderán solicitar as subvencións reguladas na presente convocatoria as persoas físicas e xurídicas que reúnan os seguintes requisitos:

1. Ser asociacións culturais validamente constituídas, debidamente inscritas no Rexistro Municipal de Asociacións e atoparse cumprindo os seus fins, como mínimo, durante os dous anos anteriores á publicación da convocatoria.
2. Carecer de fins de lucro (acreditándose cunha declaración responsable do representante).
3. Ter o seu domicilio social e desenvolver as súas actividades no ámbito territorial do Concello do Grove.
4. Realizar actividades de interese cultural no ámbito do municipio.
5. Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas.
6. Estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social.
7. Cumprir os requisitos establecidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo.

3. Programas subvencionables

Son subvencionables as actividades culturais que se recollan nalgún destes bloques:

- A. As dirixidas á realización de actuacións puntuais ou de carácter permanente no eido cultural, dentro do ámbito territorial do Concello do Grove, en tódalas súas vertentes: música, teatro, literatura, pintura, danza, encontros, obradoiros, cursos, audiovisuais, conferencias, xornadas e análogos.
- B. Ás dirixidas á realización de festas etnográficas, tradicionais e de valor histórico e cultural nas dúas parroquias do Grove.

Quedan excluídas da presente convocatoria e, por tanto, non serán obxecto de subvención as seguintes actividades:

- As actividades subvencionadas, en todo ou en parte, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do Concello ou aquelas que sexan beneficiarias dalgunha axuda ou achega, directa ou indirecta (contratación, pago de carteis, pago de megafonía, pago de sonorización ...), de calquera área ou departamento do Concello do Grove no mesmo exercicio económico.
- As actividades que teñan lugar fóra do ámbito territorial do Municipio do Grove.
- Os gastos de funcionamento das entidades e os gastos correntes.
- As viaxes de ocio e as festas gastronómicas.
- Os cursos e obradoiros que non teñan un carácter de acceso público e cultural.

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNNW3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 3 a 20





Concello do Grove

- Os gastos de instrumentos e vestuario.
- Os gastos gastronómicos, dietas e aloxamentos.
- Os gastos en vehículos, combustibles e peaxes.
- As actividades que non se axusten ao descritos nos apartados A e B.
- Todas aquelas que non respondan á natureza da actividade subvencionada.

4. Contía e límite das subvencións

A contía da subvención estará en función dos programas e dos recursos con que conte para cubrir parcialmente estes, será variable e determinarase, en cada caso, a contía solicitada pola entidade ou asociación e a valoración e baremación que delas faga a Comisión de Valoración.

A subvención non poderá exceder o custo da actividade ou actividades ás que se aplique, incluíndo no cálculo tódalas subvencións percibidas, directa ou indirectamente, polo beneficiario para a mesma finalidade, tanto de entes públicos como privados. En ningún caso o importe da subvención poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou outros entes públicos ou privados, supere o custo total da actividade a desenvolver polo beneficiario.

No caso de que a contía resultante da aplicación da puntuación supere o orzamento proposto para ela, diminuírase a achega municipal ata igualar a suma dos gastos totais.

A subvención poderá ser revisada, unha vez coñecido o financiamento do gasto a través das achegas complementarias de axudas doutras entidades, así como, de ser o caso, outros ingresos de tal xeito que a súa contía definitiva suporía o resultado deficitario da liquidación final de gastos-ingresos. As entidades quedarán obrigadas a comunicar calquera achega económica, institucional ou privada, que reciban con destino á actividade solicitada.

5. Aplicación orzamentaria

A concesión da axuda estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 1 de decembro de 2026, convocándose con cargo aos orzamentos en vigor durante o ano 2026.

O Concello do Grove concederá estas axudas económicas para promover, fomentar e difundir aquelas actividades culturais que organicen as persoas físicas ou xurídicas sen fin de lucro no seu ámbito territorial, cando teñan relevancia para os intereses municipais, durante o exercicio actual e que se financiarán con cargo á aplicación 334.48000 (PROM. CULTURA SUBV. ENTIDADES CULTURAIS) do seu orzamento co límite de 30.000 euros.

6. Solicitudes e documentación a achegar

As asociacións ou entidades interesadas en obter subvencións do Concello do Grove deberán solicitálas mediante a presentación dunha única instancia (Anexo I), con documentación xenérica e documentación específica para cada programa, segundo se sinala a continuación:

a) Documentación xenérica

- Fotocopia de tarxeta de identificación fiscal da asociación/entidade.
- Fotocopia do DNI do representante legal.
- Certificado actualizado dos datos bancarios co nome da asociación/entidade peticionaria.
- Anexo II.- Declaracións responsables onde consten: declaración do número de socios da asociación/entidade, de cumprir cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, autorización para a consulta directa pola administración das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.
- Anexo III: Certificado do secretario ou secretaria da asociación/entidade solicitante no que consten as subvencións e/ou axudas obtidas ou solicitadas para a mesma finalidade, con expresión da súa contía, comprometéndose a comunicar ao Concello do Grove a concesión de calquera outra axuda ou subvención de entes públicos ou privados para a mesma finalidade.

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNNW3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 4 a 20





Concello do Grove

b) Documentación específica

- Anexo IV: Proxecto ou memoria na que consten as actividades obxecto da subvención expostas para o ano 2026, con expresión de:
 - Datas.
 - Lugares de celebración.
 - Edición da actividade (se é o caso).
 - Relación da actividade coa programación cultural do Concello do Grove.
 - Obxectivos de cada unha das actividades.
 - Definición do público ao que van destinadas.
 - Dossier de difusión da actividade (se é o caso).
 - Responsables do desenvolvemento da acción.
 - Persoas implicadas na súa preparación e desenvolvemento.
 - Programa de traballo para a preparación de cada actividade
 - Orzamento de gastos e ingresos de cada unha das actividades recollidas no programa de actividades, con expresión da súa gratuidade, se é o caso, ou do seu cobro, se así fose, e indicando claramente o custe previsto e a posible consecución de outras vías de financiamento.

Non se admitirá ningunha memoria ou proxecto que non se axuste ao establecido no anexo IV.

7. Presentación

As solicitudes formalizaranse nos modelos e anexos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral do Concello, na Sede Electrónica do Concello ou a través do e-mail casadacultura@concellodogrove.es e deberán ir acompañadas, unicamente, da documentación antes referida.

A solicitude deberá presentarse na Sede Electrónica do Concello do Grove ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, nun prazo de 30 días naturais contados a partir do seguinte ao da publicación do extracto da convocatoria destas bases no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra.

Forma de presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello do Grove.

Un PDF por cada documento:

1. Anexo I
2. Fotocopia de tarxeta de identificación fiscal da entidade.
3. Fotocopia do DNI do representante legal.
4. Certificado dos datos bancarios co nome da entidade peticionaria.
5. Anexo II
6. Anexo III
7. Anexo IV

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será motivo de requirimento para a súa presentación de conformidade co indicado no parágrafo anterior.

8. Tramitación de solicitudes

A comisión avaliadora revisará os expedientes de solicitude e verificará que teñan a documentación esixida. Se a solicitude non reunise os datos esixidos ou calquera dos previstos no artigo 66 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, requirírase aos interesados para que, nun prazo de dez (10) días hábiles, emenden as anomalías advertidas ou presenten os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non facelo, teranse por desistidos e arquivaranse as solicitudes sen máis trámite.

A instrución do expediente a realizará a persoa designada pola concelleira delegada de cultura que emitirá os correspondentes informes ao respecto.

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNNW3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 5 a 20





Concello do Grove

9. Criterios para a concesión das subvencións

A valoración para o outorgamento da subvención e a fixación da súa contía realizaranse atendendo aos seguintes criterios:

BLOQUE	PUNTUACIÓN	MÍNIMO ESIXIDO
1. Proxecto cultural	13	4
2. Proposta económica	8	2

A valoración de cada un dos bloques atenderá á aplicación dos seguintes parámetros:

BLOQUE 1. VALORACIÓN DO PROXECTO CULTURAL

Parámetro	Descrición	Puntuación
Adaptación ás bases establecidas	<i>O proxecto presentado axústase á información requirida segundo o establecido no apartado 6 destas bases.</i>	1
Continuidade no tempo	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai polo menos dúas que teñan chegado a máis de tres edicións con cadencia temporal definida.</i>	1
Desestacionalización	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai polo menos dúas que se desenvolvan en períodos de baixa actividade (é dicir, fóra dos meses de xullo, agosto, outubro e decembro).</i>	1
Lugar das actividades	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai polo menos dúas que se desenvolvan en instalacións non municipais.</i>	1
Volume de actividades	<i>O proxecto inclúe polo menos catro actividades diferentes.</i>	1
Colaboración con Concello	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai polo menos dúas que forman ou formarán parte do programa cultural do Concello.</i>	1
Obxectivos da actividade	<i>O proxecto contribúe a divulgación cultural fomentando algún dos seguintes valores: identidade local, igualdade, multiculturalismo e difusión da lingua galega.</i>	1
Público da actividade	<i>O proxecto conta cun público potencial que abrangue a meirande parte da veciñanza do Grove. Valorarase positivamente que existan actividades para cada segmento pero que o proxecto total cubra a súa totalidade.</i>	1
Integración Social	<i>Valorarase positivamente que se inclúan no Proxecto actividades de integración social</i>	1
Proxección das actividades	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai polo menos dúas que teñan acadado ou podan acadar difusión fóra do Concello.</i>	1
Recursos humanos requiridos	<i>Número de persoas implicadas na preparación e desenvolvemento da actividade. Tomarase como referencia o número en relación cos socios do colectivo que presenta o proxecto.</i>	1
Tempo de preparación	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai polo menos dúas que requiren máis de 6 meses de preparación.</i>	1
Duración da actividade	<i>Entre as actividades recollidas no proxecto hai polo menos unha que se desenvolve en máis dun día</i>	1

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 6 a 20





Concello do Grove

BLOQUE 2. VALORACIÓN DA PROPOSTA ECONÓMICA

Parámetro	Descrición	Puntuación
Adaptación ás bases establecidas	<i>A proposta presentada axústase á información requirida segundo o establecido no apartado 6 destas bases.</i>	1
Outras axudas públicas	<i>As actividades recollidas captan fondos doutras institucións públicas.</i>	1
Outras axudas privadas	<i>As actividades recollidas captan fondos doutras institucións privadas.</i>	1
Financiamento adicional	<i>A asociación ou entidade non cobra cotas nin taxas aos seus asociados.</i>	1
Venda de entradas	<i>As actividades previstas son gratuítas para os participantes ou asistentes.</i>	1
Orzamento de gasto	<i>A proposta de orzamento está modulada e adecuadamente valorada. Penalizaranse as propostas con orzamentos sobrevalorados.</i>	1
Orzamento de ingresos	<i>A porcentaxe de achega do Concello non tería que superar o 60% do custo da actividade para que esta puidera desenvolverse.</i>	1
Optimización de recursos	<i>O custo das actividades expostas resulta competitivo en termos xerais. De tal xeito que quede constado que a contratación da actividade non lle resultaría máis económica ao Concello.</i>	1

10. Comisión avaliadora

A Comisión avaliadora estará conformada pola concelleira de cultura e persoal do Concello do Grove. Actuará como secretaria a Directora da Casa da Cultura, con voz pero sen voto.

A comisión avaliadora valorará as peticións aplicando os parámetros recollidos no apartado 9, elaborando adicionalmente un informe razoado no que se indiquen os elementos tidos en conta no outorgamento ou non da puntuación.

A comisión avaliadora poderá solicitar todos aqueles informes adicionais que considere necesarios para resolver.

Unha vez establecida a puntuación de cada proxecto, realizarase o correspondente reparto de fondos en función da referida puntuación. Terase en conta que os proxectos que acaden a máxima puntuación segundo a táboa exposta (21 puntos) optarán ao máximo de dotación por esta subvención. A proposta de concesión de subvencións, así realizada, someterase a aprobación do órgano competente.

11. Notificación e xustificación (conta xustificativa)

A resolución do procedemento notificaráselle aos interesados conforme ao previsto nos artigos 40 e 41 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas. O transcurso de seis meses a partir do día seguinte en que remate o prazo de presentación da solicitude

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 7 a 20





Concello do Grove

sen notificarse a resolución lexítima aos interesados entenderase desestimada por silencio administrativo a solicitude da subvención.

Para xustificar a subvención, as asociacións/entidades deberán presentar na Sede Electrónica do Concello do Grove ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas a seguinte documentación:

1. Instancia subscrita polo presidente da asociación/entidade na que solicite o pagamento da subvención no número de conta corrente indicada na solicitude. Deberase acreditar a titularidade do asinante da instancia por medio da certificación do secretario da asociación ou por calquera outro medio en que quede fidedignamente demostrada a titularidade do asinante.
2. Estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias e autorizar ao Concello para que poida consultar ou solicitar os certificados de estar ao corrente e sen débedas na Axencia Española de Administración Tributaria (AEAT), na Axencia Tributaria de Galicia (Atriga) e na Seguridade Social. No caso de que se opoñan a esta consulta e/ou solicitude deberán indicalo e achegar os documentos que correspondan.
3. Memoria na que detalle a actividade realizada de conformidade coa achegada coa instancia de solicitude de subvención e balance de ingresos e gastos realizados con motivo das actividades.
4. Anexo V: Conta xustificativa das actividades presentadas na memoria inicial que son obxecto da subvención, determinando o custo ou gasto total, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, na que se poña de manifesto que os gastos que figuran na dita conta xustificativa se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda, indicando que o resto dos xustificantes da conta se atopan no domicilio da entidade beneficiaria á disposición do Concello do Grove para o seu exame.
5. Copia de facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo polo importe da subvención concedida, indicando cada factura o número de unidades, os prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade. Deben ter relación directa coas actividades subvencionadas.
6. Os gastos xustificados deberán axustarse, no máximo posible, aos conceptos incluídos no orzamento inicial, non aboándose máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
7. En todo caso, a xustificación da subvención concedida deberá incluír os documentos que acrediten o pagamento dos gastos xustificados, de acordo co establecido no artigo 31 da lei 38/2003, así como no artigo 29 da Lei 9/2007, de subvencións de Galicia, que consideran gasto realizado o que fora efectivamente pagado con anterioridade á finalización do período de xustificación.
8. Anexo VI: Declaración responsable da persoa representante da asociación/entidade subvencionada.
9. Acreditar a debida divulgación do financiamento por parte do Concello da actividade obxecto de subvención mediante algúns dos seguintes medios nos que figurará o logotipo do concello do Grove: carteis publicitarios, dípticos, anuncios, notas de prensa, publicidade en Redes Sociais... A xustificación acreditarase documentalmente mediante fotografías.

12. Prazo e lugar de admisión da conta xustificativa

O importe da subvención anual deberá xustificarse antes do 1 de decembro do 2026.

A conta xustificativa con toda a documentación requirida, de acordo co establecido no apartado anterior, presentarse a través da sede Electrónica do Concello do Grove ou en calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 8 a 20





Concello do Grove

Forma de presentación da documentación no rexistro electrónico do Concello do Grove:

Un PDF para cada anexo:

1. Memoria da/s actividade/s realizada/s e balance de gastos/ingresos.
2. Anexo V: Conta Xustificativa.
3. Facturas escaneadas e xustificantes de pago ordenados no mesmo xeito que aparecen no anexo V e sempre primeiro a factura e seguidamente o xustificante de pago (exemplo: factura 1 da relación, xustificante de pago da factura 1 da relación, factura 2 da relación, xustificante de pago da factura 2 da relación...etc.).
4. Anexo VI: Declaración responsable.
5. Documentación que acredite a publicidade da subvención.

Os distintos arquivos dos PDF deberán ter unha denominación acorde co contido do documento que permita a súa localización e identificación.

O incumprimento por parte do beneficiario destas normas de presentación será causa de devolución da documentación para emendar.

A falta de xustificación dentro do prazo establecido dará lugar á perda da subvención.

13. Requisitos das facturas

As facturas que se acheguen como xustificante da subvención deberán cumprir os seguintes requisitos:

- a) Datadas no ano 2026, que é o ano en que se concede a subvención.
- b) Conter o número de identificación fiscal do preceptor.
- c) Os pagamentos en efectivo deberán ser menores de 500,00 €. Calquera transacción que supere esa cantidade deberá facerse por medios electrónicos.
- d) Cando sexan facturas pagadas por medios electrónicos debe constar, ademais, o xustificante de pago.
- e) Cando sexan facturas pagadas en metálico (< 500,00 €) debe constar, ademais, o pagado ou xustificante de recepción emitido pola empresa, selado e rubricado (nome, DNI ou CIF e sinatura).

No suposto de que a subvención teña como destino o pagamento de persoas físicas que presten servizos retribuídos, pagamento de premios ou pagamento de axudas de custo, a entidade beneficiaria está obrigada á retención do IRPF nos límites e excepcións da lexislación que rexe. Os pagamentos a persoal retribuído, coa súa pertinente retención, xustificaranse a través das nóminas correspondentes, acompañadas dos TC.

14. Tramitación conta xustificativa e resolución do recoñecemento da obriga das subvencións concedidas.

A comisión avaliadora revisará e verificará que teñan a documentación esixida. Se a documentación está incompleta, requirirase ao solicitante para que achegue a documentación necesaria ou corrixa os erros detectados.

Así mesmo, a comisión avaliadora poderá solicitar aclaracións respecto da documentación achegada ou se o carácter de orixinal da documentación achegada ofrece algunha dúbida.

A instrución do expediente a realizará a persoa designada pola concelleira delegada de cultura que emitirá os correspondentes informes ao respecto.

15. Pagamento

Cumpridas as esixencias de xustificación documental citadas nas presentes bases, remitirase o expediente á Intervención para as comprobacións que procedan e posterior tramitación para o seu pago.

Para pagar a subvención terase en conta o seguinte:

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 9 a 20





Concello do Grove

- No caso de que se xustifique un gasto polo 100% do concedido na subvención, aboarase a totalidade da subvención.
- No caso de que se xustifique un gasto inferior ao 100% do concedido na subvención, aboarase a parte proporcional da subvención.

O pagamento efectuarase por orde de transferencia á conta bancaria indicada polo receptor. As cantidades subvencionadas pagaranse atendendo ás previsións da Tesourería municipal.

16. Obrigas dos beneficiarios

As entidades subvencionadas están obrigadas a:

1. Destinar a subvención exclusivamente para as actividades ou proxecto para o que se solicitou e concedeu.
2. Acreditar a realización do proxecto, así como o cumprimento dos requisitos e condicións que determinen a concesión ou goce da axuda.
3. Comunicarlle ao Concello do Grove a obtención de calquera outra achega económica, institucional ou privada, que reciban con destino á actividade subvencionada.
4. Presentar a documentación esixida, así como facilitar calquera comprobación que por parte do Concello se estime conveniente realizar.
5. Facer constar en toda a publicidade ou información da actividade subvencionada o logotipo do Concello do Grove segundo as indicacións técnicas facilitadas.

17. Reintegro da subvención concedida

Procederá o reintegro da cantidade percibida, sempre e cando se produza o incumprimento das presentes Bases, nos supostos que estableza a lexislación aplicable e nos seguintes casos:

1. Por obtelas falseando as condicións requiridas.
2. Por non realizar, durante o 2026, a lo menos o 50 % das actividades recollidas no proxecto para o que se solicitou e concedeu a subvención.
3. Por non aplicala aos fins para os que foi concedida.
4. Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases.

Se unha vez requirido o reintegro das cantidades indebidamente percibidas pola asociación/entidade, esta non se produce dentro dos prazos establecidos, procederase pola vía executiva cos xuros de constrinximento que correspondan.

18. Interpretación

Calquera dúbida que puidese xurdir en torno á interpretación destas bases será resolta pola Xunta de Goberno Local a proposta do departamento de Cultura do Concello do Grove.

19. Órgano de aprobación

O órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno por delegación da Alcaldía.

20. Xurisdición aplicable

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, potestativamente, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou, no prazo dun mes. Entenderase desestimado se transcorre outro sen contestar; neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo perante o Xulgado do Contencioso Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa (tras a modificación dada pola Lei 9/2003, do 23 de decembro) no prazo de dous meses.

Ademais, contra a presente resolución tamén poderá interpoñerse directamente o dito recurso contencioso-administrativo no indicado prazo. En todos os casos, os prazos contarase a partir do día seguinte á recepción da correspondente notificación ou da data en que o recurso de reposición se entende desestimado.

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ6ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 10 a 20





Concello do Grove

21. Dereito supletorio

Para o non disposto nestas bases contemplarase o establecido nas bases de execución do Orzamento Xeral do Concello do Grove en vigor durante o exercicio 2026 e na normativa xeral:

- Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións e o seu Regulamento, aprobado polo RD 887/2006, de 21 de xullo.
- Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local.
- Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AOTNNW3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellodogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 11 a 20





Concello do Grove

ANEXO I

SUBVENCIONS A ASOCIATIONS E ENTIDADES SEN ANIMO DE LUCRO ACTIVIDADES CULTURAIS 2026

Centro Directivo:	Concello do Grove. Concellería de Cultura	Nº Expte.	
Convocatoria:	Concesión de subvencións a asociacións e entidades sen ánimo de lucro que desenvolvan actividades culturais no ano 2026		

1. Datos do/a representante da asociación/entidade					
Nome:					
Enderezo:					
Código postal:		Localidade:			
Provincia:		NIF:			
Teléfono:		Correo electrónico:			
2. Datos da asociación/entidade					
Nome:					
Enderezo:					
Código postal:		Localidade:			
Provincia:		Teléfono:			
Correo electrónico:					
Páxina Web/ Blog da asociación:					
Número de socios/as:		Pagan cota?:		Cantidade:	
3. Datos da subvención solicitada					
Orzamento total			Subvención solicitada		
4. Documentación achegada					
☐ Fotocopia da tarxeta de identificación fiscal da asociación/entidade ☐ Fotocopia do DNI do/a representante legal ☐ Certificado orixinal dos datos bancarios co nome da asociación/entidade peticionaria ☐ Anexo II: Declaración responsable ☐ Anexo III: Certificado de subvencións ☐ Anexo IV: Memoria do proxecto					

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 12 a 20





Concello do Grove

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLES

D/Dª _____ con NIF _____,
en calidade de _____ da asociación/entidade _____
con CIF _____

DECLARO:

Responsablemente, ante o órgano competente para a concesión das subvencións que:

O número de socios e socias da asociación ou entidade que represento ascende a _____.

Que a asociación/entidade que represento cumpre cos requisitos esixidos no artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, e no artigo 25 do Regulamento da lei xeral de subvencións.

Que a asociación/entidade que represento se atopa ao corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social, de conformidade co disposto no artigo 23.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.

Que autorizo ao Concello do Grove para a consulta directa das obrigas tributarias coa Axencia Estatal da Administración Tributaria, coa Facenda Autonómica e coa Seguridade Social.

Que, así mesmo, me comprometo a acreditar nun prazo de dez días, conforme ao establecido no artigo 23.4 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, a partir do requirimento que se me formule, mediante documentos orixinais ou outros medios, os extremos a que se refire esta declaración.

E, para que conste, asino esta declaración.

_____, ____ de _____ de 20__

Asinado (representante da asociación/entidade)

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 13 a 20





Concello do Grove

ANEXO III

CERTIFICADO DE SUBVENCÍONS

D/Dña. _____ con NIF _____

en calidade de secretario/a da asociación/entidade _____

con CIF _____

CERTIFICO

Que a esta asociación/entidade **SI** **NON** se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade

Relación doutras subvencións ou axudas para este proxecto doutros organismos públicos e/ou entidades privadas, especificando, no seu caso, aquelas efectivamente concedidas ata a data e o seu importe:

Entidade á que se solicitou a axuda	Nome da axuda	Data	Contía solicitada	Contía concedida	Estado*

* Concedida/ Denegada/ En Trámite

E para que conste, asino este documento.

O Grove, ____ de _____ de 20__

Asinado (representante da asociación/entidade)

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 14 a 20





Concello do Grove

ANEXO IV

MEMORIA DO PROXECTO

IMPORTANTE:

- Ler o formulario completo antes de cubri-lo.
- A memoria poderá ir acompañada por material fotográfico, programas de man, carteis, etc.

I Nome completo da asociación/entidade

Nome:		CIF:	
-------	--	------	--

II Datos do proxecto

1. Denominación do proxecto:

Denominación do proxecto:	
---------------------------	--

2. Datás de celebración e calendario das actividades subvencionables que inclúe o proxecto, que deberán desenvolverse entre o 1 de xaneiro e o 31 de novembro de 2026.

Actividades	Data de inicio			Data de fin		
	Día	Mes	Ano	Día	Mes	Ano

3. Lugares de celebración:

--

4. Número de edición da actividade:

--

5. Relación da actividade coa programación cultural do Concello do Grove:

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AOTNNW3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 15 a 20





Concello do Grove

6. Resumo do proxecto. Explicar de maneira sintetizada, clara e suficiente:

a) Actividades culturais subvencionables. Citar, explicando brevemente as actividades e características principais:

b) Obxectivos de cada actividade:

c) Público ao que vai dirixido:

d) Responsables do desenvolvemento da acción:

e) Persoas implicadas na preparación e desenvolvemento das actividades:

f) Programa de traballo para a preparación de cada actividade:

7. Sinalar se existen actividades de integración social. Citalas e explicalas brevemente:

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNNW3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestona esPublico | Páxina 16 a 20





Concello do Grove

8. Orzamento das actividades subvencionables que constitúen o proxecto:

NOME DA ACTIVIDADE	CUSTO PREVISTO	GRATUITA SI/NON

9. Desagregación do importe previsto en cada tipo de gastos:

GASTOS	CUSTO TOTAL EN EUROS
TOTAL:	

* Persoal, arrendamento de servizos, servizos técnicos, edición de publicacións, xestión e administración, publicidade e propaganda, etc.

10. Vías de financiamento e ingresos obtidos pola asociación/entidade: cotas de socios, venda de entradas, venda de produtos, axudas doutras administracións, patrocinios privados...

TIPO DE FINANCIAMENTO OU INGRESO	TOTAL EN EUROS
TOTAL:	

11. Medidas de publicidade ou difusión das actividades e dossier da actividade (se é o caso):

--

III Outras actividades da Asociación/Entidade.

* Exceptuaranse as actividades subvencionadas, en todo ou en parte, a través doutras convocatorias de subvencións ou plans do Concello ou aquelas que sexan beneficiarias dalgunha axuda ou achega, directa ou indirecta (contratación, pago de carteis, pago de megafonía...), de calquera área ou departamento do Concello no mesmo exercicio económico.

--

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNNW3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 17 a 20





Concello do Grove

IV Observacións que desexe facer o/a solicitante:

D/Dña.....,
En calidade de da asociación/entidade
certifica a veracidade de todos os datos que constan no presente anexo.

(*) Segundo proceda.

Consentimento e Deber de Informar aos Interesados sobre Protección de Datos

- ☐ **Fun informado de que esta Entidade vai tratar e gardar os datos achegados na instancia (Anexo I) e na documentación que a acompaña para a realización de actuacións administrativas .**

Información básica sobre protección de datos

Responsable	Concello do Grove
Finalidade	Tramitar procedementos e actuacións administrativas.
Lexitimación	Cumprimento dunha misión realizada en interese público ou no de exercicio poderes públicos outorgados a esta Entidade.
Destinatarios	Cederanse datos, no seu caso, a outras Administracións Públicas e aos Encargados/as do Tratamento dos Datos. Non hai previsión de transferencias a terceiros países.
Dereitos	Acceder, rectificar e suprimir os datos, así como outros dereitos, tal e como se explica na información adicional.
Información Adicional	Pode consultar toda a información adicional e detallada sobre Protección de Datos no seguinte enderezo electrónico: https://concellogrove.sedelectronica.gal/privacy

O Grove, ____ de ____ de 20__

Asinado (representante da asociación/entidade)

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ6ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 18 a 20





Concello do Grove

ANEXO V

CONTA XUSTIFICATIVA

DATOS DO/A SOLICITANTE						
Nome e apelidos:			En calidade de:			
Asociación/Entidade:			CIF:	Enderezo:		C.P.:
Localidade:			Tfno.:	e-mail:		
DECLARO						
a.- Que para as actividades _____						
foinos concedida unha subvención de _____ euros e realizáronse os gastos que se relacionan na seguinte conta xustificativa:						
Nº	Provedor/Empresa	CIF	Nº factura	Concepto	Actividade á que foi dirixida	Importe
1						
2						
3						
4						
5						
6						
7						
8						
9						
10						
11						
12						
13						
14						
15						
16						
17						
18						
19						
20						
TOTAL						
b.- Que se achega a relación de facturas polo importe da subvención concedida e que o resto de xustificantes se atopan na sede da asociación/entidade a disposición do Concello do Grove para o seu exame.						
c.- Que os gastos que arriba se indican son reais e se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.						
d.- Que á Asociación/Entidade SI NON se lle concederon outras axudas coa mesma finalidade.						
d.- Que o importe das subvencións concedidas das diversas institucións para a actividade non superaron o total dos gastos devindicados.						
f.- Que o custo total da actividade ascendeu a euros.						
g.- Que se fixo a debida divulgación do financiamento do Concello do Grove na actividade subvencionada.						
O Grove, ____ de ____ de 20__						
Asinado (representante da asociación/entidade)						

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNN3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 19 a 20





Concello do Grove

ANEXO VI

DECLARACIÓN RESPONSABLE

D/Dña. _____ con DNI: _____ como representante da asociación/entidade cultural _____ con CIF _____.

DECLARO:

1. Que os gastos detallados son reais e foron aplicados á actividade subvencionada.
2. Que non me atopo incurso/a en ningún dos supostos de incompatibilidade aos que se refire o artigo 13.2 d) da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
3. Que a entidade ou organismo ao que represento non se atopa incurso en ningunha das prohibicións de obtención de subvencións do Concello do Grove, ás que se refire o artigo 13 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións.
4. Que a entidade ou organismo ao que represento está ao corrente na súas obrigas co Concello do Grove.
5. Que a entidade ou organismo ao que represento está ao corrente na súas obrigas tributarias coa Facenda estatal e autonómica e coa Seguridade Social.
6. Que autorizo expresamente ao Concello do Grove á consulta directa de que a entidade ou organismo ao que represento está ao corrente das obrigas fiscais tributarias que resultan esixibles para o pago desta subvención.
7. Que as actividades foron gratuítas para as persoas asistentes.

En caso de que non fosen gratúitas:

Actividade	Custo (Cota, entrada, donativo...)	Número de asistentes	Finalidade da recadación

8. Que a entidade ou organismo ao que represento non obtivo outra axuda ou subvención para a mesma finalidade.

En caso de que si obtivese outra axuda ou subvención:

Relación de axudas de entidades públicas/privadas para a mesma finalidade	Importe

9. Que o total da subvención outorgada polo Concello do Grove sumada ás recibidas doutras entidades públicas/privadas non superou o importe total dos gastos.
10. Que son certos os datos consignados na presente conta xustificativa e acepto someterme ás normas aplicables e a facilitar a información e documentación, que, no seu caso, sexa requirida polo Concello de O Grove.

E para que conste, asino esta declaración.

O Grove, ____ de _____ de 20__

Asinado (representante da asociación/entidade)

CERTIFICADO
Número: 2026-1133 Data: 02/06/2026

Cod. Validación: AQTNNW3K6E5YWTZK6CQ5ERDSR
Corrección: <https://concellogrove.sedelectronica.gal/>
Documento asinado electronicamente desde a plataforma xestiona esPublico | Páxina 20 a 20

